



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 404/2010 DE 13 DE MAIO.

---Contrato: OBRAS DE “MELLORA DO ESTADIO MUNICIPAL DA BAIUCA-INSTALACIÓN DE ALUMEADO (obra do FEESL)”.

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: 14 DE MAIO DE 2010

-Visto o expediente tramitado, de contratación das obras de “MELLORA DO ESTADIO MUNICIPAL DA BAIUCA-INSTALACIÓN DE ALUMEADO (obra do FEESL)”.

-Visto que, dentro de prazo, unicamente presentou solicitude de participación INSTELE S.L.

-Vista a documentación administrativa aportada polo licitador.

-Tendo en conta que a oferta formulada polo licitador é conforme cos Pregos e a única presentada.

-Vista a fiscalización previa da Intervención municipal de data 10-05-2010.

-Visto o informe da Tesourería municipal de que se atopa ó corrente das súas obrigacións tributarias para co Concello.

-Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda punto 1 da Lei 30/2007, e Decreto de delegación de 21 de xuño de 2007, e visto o disposto no artigo 14 da Lei 30/92 no relativo á avocación de competencias.

A C O R D O:

1º.-Avocar a competencia previamente delegada na Xunta de Goberno Local.

2º.-Adxudicar provisionalmente o contrato de obras de “MELLORA DO ESTADIO MUNICIPAL DA BAIUCA-INSTALACIÓN DE ALUMEADO (obra do FEESL)”, por importe de 91.106,40 euros, a INSTELE S.L. con arranxo ó Proxecto, os Pregos e á súa oferta.

3º.-A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

---xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5 % do importe da adxudicación excluído o IVE.

---certificacións acreditativas de estar ó corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

---Copia do contrato de traballo do traballador desempregado que o licitador se comprometeu a contratar na súa oferta. Deberá tratarse de traballadores desempregados a xornada completa cuxo contrato sexa indefinido, por obra ou servizo determinado (facéndose no contrato expresa mención a esta obra en concreto), ou de duración determinada, por un período de tempo igual ou superior ao prazo de execución do presente contrato administrativo de obras. Non poderá tratarse, polo tanto, de contratacións a tempo parcial, nin de contratacións baixo a modalidade de duración determinada, por unha duración de tempo inferior ao prazo de execución da obra.

---Tarxeta de desemprego dese traballador desempregado contratado (inmediatamente anteriores a dita contratación).

-Lémbraselle tamén que, de conformidade co previsto na cláusula 28 dos pregos de cláusulas administrativas particulares, para realizar a subcontratación, deberá recabar a previa autorización do Concello.

A documentación deberá ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do contratante.

Transcorrido o devandito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

4º.-Notifíquese o presente Acordo e publíquese a adxudicación provisional no Perfil do contratante.

A Estrada 14 de maio de 2010.

O ALCALDE,

Asdo. José A. Dono López